Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. De la Torre González tivo que ser atendida no Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron policontusións e esguince cervical.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 29/07/2019 co número 10.745, D^a M^a Fe de la Torre González promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando unha indemnización total de 4.742,99 euros, cantidade que desglosa da seguinte forma:

- 3.364,43 euros por 4 puntos de prexuízo estético.
- 322,86 euros por 6 días de PPP moderado.
- 1.055,70 euros por 34 días de PP básicos.

Co escrito de presentación da súa reclamación, achega a seguinte documentación:

- Tres fotografías da reclamante.
- Dúas fotografías do lugar da caída.
- Copia simple do informe de alta do servizo de urxencias do Hospital da Barbanza.
- Copia simple da xustificación do traslado do 061.

Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 16/12/2019 co número 17.387, achega informe médico pericial que avala a petición da súa indemnización na contía antes indicada.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 05/11/2020 pola Policía Local; informe de ratificación emitido na data 10/11/2020 polo perito D. José Antonio Seijas Varela; escrito presentado pola reclamante, rexistrado de entrada na data 01/12/2020 co número 16.353, achegando declaracións de testemuñas sobre o acontecido; e informe emitido na data 01/02/2021 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-



Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliabile economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210645954
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 11/03/2021		Fecha: 11/03/2021
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2021		Hora: 14:01
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2021 14:04:40		



En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. M^a Fe de la Torre González para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente** ocorrido na data 24/07/2019 en vía pública, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular do paseo no que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación do mesmo, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de *“infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*, debendo prestar, en todo caso, o servizo de *“pavimentación de vías públicas urbanas”*, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. De la Torre González. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba o paseo polo que transitaba na data do accidente.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira non tivo constancia do accidente** polo que se reclama, como así o fai constar no seu informe emitido na data 05/11/2020.
- No departamento de obras públicas do Concello de Ribeira tampouco se tivo constancia do sucedido, dispoñendo a enxeñeira municipal o seguinte respecto ao estado do paseo: *“(…) En la fecha de la caída, esto es, el día 24 de julio de 2019, no se hizo por parte del departamento de obras públicas, ninguna inspección del citado paseo marítimo, por lo que se desconoce el estado exacto del mismo en la fecha del accidente. Solamente puede constatarse por las fotografías que aporta la reclamante, fechadas a 25/07/2019, y en las que se puede apreciar que el estado de ese tramo del paseo es, en general, óptimo, que no existe un deterioro general y que, a simple vista, no se encuentra defecto que pudiera ocasionar la caída de la reclamante. De todas formas, con motivo de la reclamación presentada de la que se dio cuenta a este departamento desde los servicios de la secretaría general, en el mes de enero de este año 2021 se procedió a la inspección del tramo del paseo en el que al parecer tuvo lugar la caída, tomando varias fotografías que se unen a este informe, y en las que se aprecia el buen estado general del mismo, con el desgaste normal por su uso, pero sin ningún defecto apreciable a simple vista que pueda suponer un riesgo de peligro para el caminar de los viandantes, tan solo se aprecia una de las tablas muy ligeramente desnivelada con respecto a las demás, sin que ello pueda suponer un obstáculo para el uso del paseo. En el tramo inspeccionado que aparece en las fotografías, tampoco se aprecia ningún indicio de arreglo que haga suponer la existencia de algún defecto y su supuesta reparación. No se tiene constancia de otras reclamaciones o quejas por la situación del paseo (…)”*



- Os escritos de declaracións de testemuñas do accidente que achega a reclamante, ata seis en total, son contestes en afirmar que o día da caída atopábanse no paseo antes referido e que observaron como a Sra. De la Torre González tropezaba cunha táboa levantada do citado paseo e caía ao chan.

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: que non se ten suficientemente demostrado a existencia de nexos de causalidade, pois non resulta probado a existencia dun obstáculo, e polo tanto non resulta probado que aquel tivera entidade tal como para provocar a caída da reclamante. Bótase en falla o informe da Policía local, do informe da enxeñeira extraese a conclusión do bo estado do paseo, e a versión dos feitos vertidas polas testemuñas obriga a relativizar o seu grado de certeza, por canto as súas declaracións non foron realizadas ante a instrutora do expediente, ademais de resultar algo insólito que seis persoas que van dando un paseo observen ao mesmo tempo o tropezón da reclamante e a súa caída.

Non basta, polo tanto, con que a reclamante afirme que tropezou cunha táboa que estaba levantada para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial. En primeiro lugar, porque non resulta suficientemente demostrado a existencia da táboa en mal estado e que iso fose a causa da caída. E, en segundo lugar, por canto dita responsabilidade so xorde cando o obstáculo, para o caso de existir, supera o que é o normal límite de atención esixible no deambular, isto é, cando o defecto presenta un plus de perigosidade mais alá da atención ordinaria que debe prestarse ao camiñar, por non ser esixible como fundamento dunha reclamación de responsabilidade patrimonial unha total uniformidade na vía pública, senón que o estado da vía sexa o suficientemente uniforme como para resultar facilmente superable cun nivel de atención esixible socialmente pois doutra forma estaríase facendo un chamamento á falta de responsabilidade individual pese a constituír esa responsabilidade un dos fundamentos da vida social.

Neste sentido, ten insistido a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo que a Administración Pública responde de forma directa e inescusable de todo dano antixurídico sempre que sexa causado polo funcionamento da actividade administrativa, pero elo non significa que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos sociais.

Sinala o Alto Tribunal, que non pode garantirse totalmente aos peóns que non sufriran unha caída na rúa e polo tanto os viandantes, para evitar as caídas, teñen que observar tamén a dilixencia debida, que será maior ou menor segundo as circunstancias persoais de cada un pois non é posible estender a cobertura do servizo público viario ata garantir a ausencia total de deficiencias que, aínda séndoo, dificilmente poden ser consideradas como xuridicamente relevantes na xeración dun risco cuxa produción constitúa á Administración na obriga de resarcilo por canto mais que unha ausencia de servizo ou un servizo defectuoso tales deficiencias poden encontrarse dentro de parámetros de razoabilidade que deben cualificarse como riscos sociais admitidos propios da vida colectiva e socialmente tolerados.

Nas rúas, paseos e avenidas das cidades e pobos existen multitude de desniveis, orificios, irregularidades de pequena entidade susceptibles de provocar un tropezón e a consecuente caída do peón, pero elo non é razón suficiente para entender que se produce un deficiente funcionamento do servizo público, porque de admitirse así, estaríase esixindo ás Administracións unhas labores de mantemento e conservación inabarcables, desproporcionadas e por outra parte imposibles de cumprir que habería de conlevar a



constante e continua vixilancia das rúas e beirarrúas en toda a extensión do trazado urbano, e aínda así, non podería garantirse o seu perfecto estado.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 04/03/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a M^a Fe de la Torre González polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

1.- **Visto** o informe presentado pola **Policía Local**, de data 09/03/2021, relativo á instalación de sinal de vía sen saída (S-15) en Rúa Douriseira (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a instalación de sinal de vía sen saída (S-15) en Rúa Douriseira (Aguíño), según o sinalado no citado informe policial.

2.- **Visto** o informe presentado pola **Policía Local**, de data 09/03/2021, relativo á instalación de sinal de vía sen saída (S-15) en Rúa Redonda Nova (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a instalación de sinal de vía sen saída (S-15) en Rúa Redonda Nova (Castiñeiras), según o sinalado no citado informe policial.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Medio Ambiente, Elvira Pereira Ageitos**, de data 08/03/2021, relativa ao *“Programa de subvencions para a limpeza de praias marítimas dirixido a Concellos da Provincia da Coruña durante o exercicio 2021”*, cuxas bases específicas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 26 do 09/02/2021 e a *“Convocatoria do programa de subvencions para limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña, durante o*



exercicio 2021”, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 32 do 18/02/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Presentar a seguinte solicitude de subvención: **Convocatoria do programa de subvencións para limpeza de praias marítimas, dirixido a concellos da provincia da Coruña, durante o exercicio 2021”**
- Designar como **representante** do concello para a solicitude de subvención ao Sr. Alcalde, **Manuel Ruiz Rivas**.
- **Aceptar as bases da convocatoria** cos compromisos que nela se inclúen.
- **Comprometerse** a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que realice do desenvolvemento da actividade subvencionada.
- **Autorizar** á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Nomear como **representante** para as relacións desta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña ao Sr. Alcalde do Concello de Ribeira D. **Manuel Ruiz Rivas**.

COMUNICACIÓN PERSOAS AGRACIADAS NO SORTEO NO CONCURSO DE MÁSCARAS DE ENTROIDO 2021.

Visto o informe da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 04/03/2021, no que comunica as persoas agraciadas cos seis premios de 50,00 € de vales de compra de xoguetes no comercio local.

A Xunta de Goberno Local queda enteirada da concesión dos seis premios de 50,00 € de vales de compra de xoguetes no comercio local, segundo o importe indicado aos seis gañadores, e segundo o contido da citada proposta.

PRÓRROGA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE PARCELA SITA EN CORRUBEDO, PROPIEDAD DE D^a M^a DOLORES HERMO MARTÍNEZ. EXPEDIENTE 2021 PATR000009.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- D^a M^a Dolores Hermo Martínez, con DNI número 76.504.834-A, é propietaria da parcela que se describe a continuación, segundo consta en escritura pública de manifestación e adjudicación de herdanza, autorizada polo Notario que foi de Ribeira, D.



Óscar Manuel López Doval, na data 29/07/2005, co número 1.113 do seu protocolo: *“URBANA: CASA composta de planta baixa duna 129 metros cadrados, e planta alta duns 122 metros cadrados, sita na Rúa da Fonte, que ten unido un anaco de terreo duns 3.984 metros cadrados, no que se sitúa un galpón destinado a almacén de planta baixa duns 83 metros cadrados. O conxunto forma unha soa finca, sinalada tamén cos números 5, 9 e 11 da Rúa Chaprado, parroquia de Corrubedo, municipio de Ribeira, dunha superficie total aproximada de 4.103 metros cadrados; que linda: Norte, Andrés Rodríguez Triñanes, Luisa Maneiro Romay, Juan José Gómez Romay, Ramona Díaz Brión, José Teira Sanlés, Dolores Castro Martínez e a finca coa referencia catastral 4339023MH9143N0001PZ; Sur, Andrés Rodríguez Triñanes, Rosa Martínez Mariño, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L., Elena Brión Paz e Adelino Martínez Martínez; Este, Adelino Martínez Martínez, Carmen Prego Brión, José Teira Sanlés e Juan José Gómez Romay; e Oeste, Andrés Rodríguez Triñanes, Dolores Armental García, Josefa Armental Lojo, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L. e Elena Brión Paz. Non se ten datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Referencia catastral: 4339024MH9143N0001LZ, 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ.”*

2.- A estes efectos, na data 07/08/2018, procedeuse á sinatura do **“Convenio entre o Concello e o propietario cedente. Asunto: Cesión de parcela para aparcamento. María Dolores Hermo Martínez”**, polo que se procedía ao arrendamento da citada parcela por parte do Concello de Ribeira, que foi ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 11/10/2018.

3.- Na data 11/10/2020, cumpriuse o prazo de duración de dous anos do contrato de arrendamento asinado polas partes, cuxa cláusula cuarta prevé a súa prórroga ano a ano ata un máximo de cinco, prórroga que deberá realizarse de forma expresa e por escrito de ambas partes.

4.- Por Providencia da Alcaldía de data 09/03/2021 dispónse dar traslado da mesma á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os tramites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación da prórroga do contrato de arrendamento da parcela antes referida, polo prazo dun ano, e con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría dende a data 12/10/2020 ata o 12/10/2021, co abono dos atrasos do aluguer deixados de percibir pola propiedade dende a finalización do prazo dos dous anos ata a resolución e aprobación da prórroga.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexeranse pola lexislación patrimonial, conformada polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e pola Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

SEGUNDA.- A cláusula 4ª do Convenio asinado polas partes para o alugueiro da parcela, dispón que o prazo de cesión establécese en dous anos, prorrogables ano a ano ata un máximo de cinco anos, data na que automaticamente e sen necesidade previa de



comunicación quedará extinguido o presente contrato, salvo prórroga expresa e por escrito de ambas partes.

TERCEIRA.- O órgano competente para acordar a correspondente prórroga é o Alcalde, de conformidade co disposto na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/03/2021, e visto informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/03/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar o prazo de vixencia do contrato de arrendamento da parcela denominada antes descrita, sita en Corrubedo, propiedade de D^a M^a Dolores Hermo Martínez, suscrito entre o Concello de Ribeira e a propiedade, por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 12/10/2020 ata o día 12/10/2021, co abono dos atrasos do aluguer deixados de percibir pola propiedade dende a finalización do prazo de dous anos ata a resolución e aprobación da prórroga, co informe favorable do Interventor Municipal.

SEGUNDO.- Anotar a citada prórroga no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

TERCEIRO.- Notificar a resolución a D^a M^a Dolores Hermo Martinez, así como ás unidades administrativas afectadas polo presente expediente administrativo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

